



- EXPEDIENTE:** SOLICITUDE DE OUTORGAMENTO DO TÍTULO DE ENTIDADE COLABORADORA DA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DE GALICIA EN MATERIA DE CONTROL DE VERTEDEURAS E CALIDADE DAS AUGAS.
- SOLICITANTE:** INDROPS LABORATORIO DE ANÁLISIS Y CALIDAD MEDIOAMBIENTAL, S.L.
- ASUNTO:** RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

1. O 21-11-2012, Indrops, laboratorio de análisis y calidad medioambiental, S.L. presentou a solicitude de outorgamento do título de entidade colaboradora da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas (en adiante título de entidade colaboradora da Administración Hidráulica de Galicia).
2. A vista da documentación aportada, o 18-12-2012, a Area da Calidade das Augas emite informe definindo os ámbitos para os que a entidade solicitante está acreditada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Segundo o establecido no Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas (en diante Decreto 162/2010), Augas de Galicia ten a competencia para a resolución das solicitudes para o recoñecemento como entidade colaboradora da Administración Hidráulica de Galicia. De conformidade co establecido no artigo 15 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, en relación co artigo 15.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia, correspóndelle á Dirección de Augas de Galicia a resolución das ditas solicitudes.

SEGUNDO.- Na tramitación do expediente tivéronse en conta as normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no Decreto 162/2010, do 16 de setembro, no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, e no regulamento do dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

TERCEIRO.- O art. 8 do Decreto 162/2010, do 16 de setembro, dispón no seu apartado 3 que, á vista da documentación que figure no expediente, e logo de cualificación pola unidade competente, adoptarase a resolución que corresponda sobre o outorgamento do título.

O outorgamento do título de entidade colaboradora, determina a inscrición de oficio no rexistro especial de entidades colaboradoras coa Administración Hidráulica de Galicia regulado nos artigos 13 e seguinte do Decreto 162/2010, do 16 de setembro.



CUARTO.- A entidade colaboradora deberá presentar anualmente, perante a Administración Hidráulica de Galicia, a seguinte documentación:

- Declaración responsable de que a entidade segue mantendo os requisitos acreditados para a obtención do título ou, de ser o caso, as modificacións habidas e os documentos que as acreditan.
- Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil, aval ou outra garantía financeira formalizada con entidade debidamente autorizada, actualizada de acordo cos índices estatísticos de prezos.

O incumprimento desta obriga determinará, logo de apercibemento, a suspensión provisional da eficacia do título, sen prexuízo do inicio do expediente da revogación do título.

QUINTO.- A revogación do título de entidade colaboradora terá lugar polo incumprimento das requisitos ou condicións establecidos no Decreto 162/2010, de 16 de setembro, en particular:

- A perda ou incumprimento sobrevido dos requisitos que posibilitaron a súa inscrición.
 - O incumprimento reiterado das súas obrigas como entidades de control.
 - A falsificación, alteración dolosa ou negligencia culpable dos datos e informes subministrados á administración.
 - A perda ou revogación da acreditación de solvencia técnica.
 - A falta de presentación, cada cinco anos, da autorización ou acreditación en vigor da solvencia técnica.
- O transcurso de seis meses sen cumprir coa obriga de presentación anual da solicitude de vixencia dos requisitos de inscrición, nos termos establecidos no número 5 do artigo 19 do Decreto 162/2010.

SEXTO.- Son causas de extinción do título de entidade colaboradora:

- A disolución por calquera causa da entidade colaboradora
- A solicitude da entidade colaboradora de cancelar a súa inscrición no Rexistro Especial de Entidades Colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia.

SETIMO.- O incumprimento das condicións establecidas no título de entidade colaboradora coa Administración Hidráulica de Galicia consideraranse como acción constitutiva de infracción, e será sancionado de acordo co establecido na normativa vixente.

En base ao exposto, á documentación do expediente e á cualificación realizada pola unidade competente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Outorgar a Indrops, laboratorio de análise y calidad medioambiental, S.L., o título de entidade colaboradora da Administración Hidráulica de Galicia, nos seguintes ámbitos:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 545381 Fax: 981 541676



- Laboratorio de ensaio

As labouras que poderán ser realizadas no dito campo de actuación defínense no anexo que acompaña á presente resolución.

SEGUNDO.- Ordenar a inscrición de Indrops, laboratorio de análise y calidad medioambiental, S.L. no rexistro especial de entidades colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa e, de conformidade co establecido no artigo 36 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro en relación cos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá interpor recurso de ALZADA ante a presidencia de Augas de Galicia, no prazo DUN (1) MES a contar dende o día seguinte á súa notificación.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2013.

O director de Augas de Galicia



Francisco Menéndez Iglesias